

PLAN DE IGUALDADE DO IES DE POIO

CURSO 2023/2024



ÍNDICE DE CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN
 2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA
 3. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO
 4. ANÁLISE E DIAGNOSE
 5. XUSTIFICACIÓN
 6. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS
 7. ACCIÓNS COEDUCATIVAS (CURSO 2023/2024)
 8. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS
 9. DIFUSIÓN DO PLAN
 10. AVALIACIÓN, SEGUIMENTO E REVISIÓN
 11. GLOSARIO
- ANEXO I. AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES E INICIATIVAS COEDUCATIVAS REALIZADAS NO CURSO 2022/2023

1. INTRODUCCIÓN

A realización deste plan de igualdade xorde dende a idea fundamental de que a igualdade é un principio básico que rexe o funcionamento das sociedades democráticas. No caso concreto da igualdade entre homes e mulleres, hai anos que a normativa vixente, tanto europea como nacional, ampara o dereito á non discriminación por razóns de sexo ou outras razóns afectivo-sexuais, mais é de todos coñecido que este dereito non acadou aínda o grao necesario de desenvolvemento efectivo. Polo tanto, pensamos que no ámbito educativo resulta imprescindible levar a cabo actuacións estruturadas dentro dun plan xeral de centro, co obxectivo de axudar aos mozos e mozas a construír novas identidades, libres de prexuízos e estereotipos, que contribúan á creación dunha sociedade máis xusta, onde se admitan todas as diferenzas, pero se impidan as desigualdades. Para a realización deste ambicioso obxectivo, consideramos absolutamente necesaria a implicación, tanto teórica como práctica, de toda a comunidade educativa. O seu traballo transversal nas propostas aquí deseñadas debe marcar o camiño de transformación necesaria, para que a coeducación se convirta nun feito imprescindible nunha sociedade constituída por individuos libres e iguais.

O compromiso da comunidade educativa debe materializarse nunha realidade efectiva, non só nun desexo ou nunha declaración de boas intencións. Afortunadamente, a reflexión e a práctica feminista leva séculos na defensa da igualdade entre homes e mulleres e grazas a isto, as decisións políticas cobran forma e convértense en accións transformadoras, como é o caso da obrigatoriedade da elaboración dun plan para a igualdade nos centros de ensino. Pero tamén resulta certo que na teoría feminista, a presenza feminina é maioritaria, polo que nos vemos na necesidade de salientar a importancia de que os varóns das comunidades educativas fagan o esforzo de interiorizar estas reivindicacións como propias e, así, as propostas destes plans non queden unicamente en mans femininas, como vén sendo habitual. A identificación, reflexión e transformación de estereotipos opresivos resulta un labor esencial tanto para homes como para mulleres. Deste xeito, talvez, seremos quen de acadar unha proposta educativa liberadora e xusta que permita superar a perspectiva androcéntrica de cultura, e, por ende, da realidade.

Este cambio debe levarse a cabo dende dous dos piares fundamentais do construción das identidades: a familia e a escola. Así mesmo, neste complexo entramado, situamos as accións que se propoñen neste plan, que atopa o fío vertebrador na idea de que a educación é a ferramenta axeitada para a revisión de estereotipos de xénero, que están na base das condutas violentas e lgbifóbicas.

En conclusión, un plan coeducativo representa moito máis que un conxunto de propostas e actividades vinculadas coa igualdade entre homes e mulleres, representa unha reflexión xeral sobre que queremos ensinar, como queremos facelo e cal é o tipo de sociedade que queremos construír, a través dunha acción coeducativa que exerce un importante papel transformador cara a unha comunidade máis libre e, polo tanto, máis xusta. O plan de igualdade persegue o obxectivo de liberar aos mozos a mozas dos estereotipos de xénero e convertelos en seres humanos diversos, mediante accións que axuden a mudar sensibilidades.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA

Dende o curso 2019/2020, os centros educativos galegos sostidos con fondos públicos deben contar cun Plan de Igualdade, atendendo á Instrución do 6 de setembro de 2019. Ademais, este documento atopa xustificación normativa en numerosas leis estatais e autonómicas, decretos e tratados.

A igualdade entre homes e mulleres constitúe na Unión Europea un dos principios de actuación das institucións, como figura no artigo 8 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. No eido educativo, podemos nomear a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes, a cal considera que os estereotipos de xénero teñen aínda influencia no ámbito educativo e destaca o papel decisivo da educación na eliminación dos mesmos.

A Constitución española de 1978 recoñece no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, e establece no artigo 9.2 que é un deber dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva. Paralelamente, o Estatuto de Autonomía atribúelles o mesmo deber aos poderes públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, de xeito que a promoción da igualdade ten que estar presente en toda a actividade administrativa autonómica, principalmente a que ten que ver coa educación.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes, establece no artigo 23 que "O sistema educativo incluirá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluirá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros". Esta mesma lei, no seu artigo 24 refire a integración do principio de igualdade na política de educación, e establece que "as administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou por estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes".

O preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (así como a actual LO 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade do ensino, que modifica a anterior) manifesta que a educación é o medio de transmitir e renovar a cultura e o acervo que a sustenta. Considera que a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, así como a igualdade efectiva de oportunidades, persegue como fin principal, superar os comportamentos sexistas. Esta Lei, no seu artigo 1, establece como principio da educación "o desenvolvemento na escola dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero". O artigo 2 di que o sistema educativo buscará acadar fins como a "educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)". Os decretos de currículo desenvolven estes principios.

Por outra banda, respecto da integración da diversidade sexual, que tamén tratamos no Plan de Igualdade, encontramos xustificación nas seguintes normas:

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, adica o capítulo

Plan de Igualdade do IES de Poio 2023/2024

V ás medidas no ámbito da educación. Esta lei establece a incorporación da realidade LGTBI nos plans de estudos e contidos transversais de formación de todo o alumnado galego nas materias en que proceda; fomenta tamén a visibilización na educación dos diferentes modelos de familia establecidos na lei. No artigo 23, ínstase á Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, a fomentar a realización de actividades para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero. O artigo 24 promove a formación neste eido para o persoal docente. No 25 propónse a implicación das ANPA na divulgación da realidade LGTBI, mentres que no artigo 26 se establece a necesidade de combater o acoso e favorecer a visibilidade do alumnado LGTBI.

- O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, inclúe entre os seus elementos transversais evitar "os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual".

E noutra orde de cousas, o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro) contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas e actuacións, incluíndo a mediación na xestión de conflitos. Tamén debe conter actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Así pois, entre os principios informadores e fins das normas de convivencia, recóllese a educación en igualdade e os mesmos dereitos e oportunidades entre homes e mulleres. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes. Do mesmo xeito, será tamén un principio que deberá rexer a composición da comisión de convivencia, que terá entre as súas funcións, impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente no que se refire ao fomento das actitudes, para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

O Plan de Igualdade e o de Convivencia e as súas respectivas comisións, xa que logo, deben reforzarse mutuamente na atención a estes principios e arelar unha serie de obxectivos comúns. Entre os obxectivos principais están:

- fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas,
- avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres,
- facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas,
- fomentar e favorecer as actuacións formativas, nos programas relacionados coa mellora da convivencia nos centros

3. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

A educación é unha tarefa na que ten que intervir toda a comunidade educativa, como tamén o é a coeducación. O reto principal para acadar os obxectivos deste Plan de Igualdade atópase na interacción de todos os compoñentes da comunidade, buscando a motivación do profesorado, o apoio do persoal non docente, a colaboración das familias e, por suposto, a implicación do alumnado. Polo tanto, este Plan de Igualdade pretende ser o resultado do traballo de toda a comunidade educativa.

O instituto de educación secundaria de Poio é un centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que imparte estudos obrigatorios, bacharelato e un ciclo formativo de Guía no medio natural e de tempo libre. Conta cun total de 519 alumnas/os e 52 docentes.

O centro está situado en Poio, no noroeste da provincia de Pontevedra, e limita ao leste coa cidade de Pontevedra, o que o caracteriza como un concello periurbano. Este concello está formado por cinco parroquias: San Xoán (a máis urbana), San Salvador, Combarro, Samieira (a máis rural) e Raxó. Esta división xeográfica tamén marca a división social da poboación e, polo tanto, do alumnado. Os centros de Educación Primaria están nas diferentes parroquias, mentres que o alumnado adolescente xa se xunta nun único centro.

O instituto de Poio presenta unha importante homoxeneidade desde o punto de vista sociocultural aínda que a procedencia do alumnado é heteroxénea (alumnado de zonas moi urbanizadas fronte alumnado procedente de zonas rurais e mesmo do chabolismo). As familias desenvolven na súa maioría actividades pertencentes ao sector terciario (asalariados), no sector pesqueiro (marisqueo e pesca de baixura) e na construción. En canto ao nivel de estudos dos pais a maioría posúe estudos primarios e secundarios e unha minoría estudos superiores.

A dispersión xeográfica dentro do concello determina as relacións sociais que se establecen entre o alumnado. Debemos ter en conta que, ao depender de transporte privado ou público, ven limitadas as súas posibilidades de ocio, así como a dispoñibilidade de asistir ao centro educativo fóra do horario lectivo.

4. ANÁLISE E DIAGNOSE

A análise realizouse a partir da lectura e interpretación dos datos extraídos das enquisas feitas a toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado, persoal non docente e familias.

Análise de datos do ALUMNADO:

A participación do alumnado resúmese na seguinte táboa:

Táboa 1: alumnado (317 respostas)		
MOZA	MOZO	OUTRO
155 (48,9%)	145 (45,7 %)	17 (5,4 %)

Plan de Igualdade do IES de Poio 2023/2024

COIDADOS: os resultados da enquisa seguen a demostrar que os coidados no ámbito doméstico continúan a recaer fundamentalmente sobre as mulleres. Así, predomina a percepción de que as tarefas da casa son feitas pola nai: 82,8% mozos e 86,5% mozas consideran que a súa nai fai un maior número de tarefas. Con respecto ao alumnado que afirma que é o pai quen fai o maior número de tarefas domésticas, os datos son os seguintes: 45,5% dos mozos e 36,1% das mozas. Na seguinte xeración, é a avoa quen realiza as tarefas maiormente con respecto aos avós.


Estes resultados supoñen pouca variación con respecto aos resultados do ano 2021: 79% mozos e 89% mozas que situaban a súa nai como a persoa que facía máis tarefas, mentres que 34% dos mozos e 26,8% das mozas colocan ao pai. Si que é certo que, segundo os resultados do ano 2023, pódese sinalar que os pais realizan as tarefas domésticas.

Nestes datos hai que ter en conta que podían marcar máis dunha opción.


No referido ás responsabilidades propias da crianza, como ocuparse dos asuntos médicos, as nais seguen a asumilas (81,4% mozos e 85,2% mozas afirman esta realidade, uns datos practicamente idénticos aos de hai dous anos).

ESTEREOTIPOS: os estereotipos sexistas seguen estruturando as identidades e manteñen as xerarquías de xénero. Aínda que a opción maioritaria de cada estereotipo é "ambos", hai unha porcentaxe elevada que segue a asociar as mulleres coa beleza (75 alumnos e alumnas en total), a tenrura (103), a debilidade (79), o coidado (75), e aos homes coa valentía (72), a seguridade (74) e a agresividade (97), o que nos indica a persistencia desta xerarquización.

A quen atribúes as seguintes cualidades ou emocións?



A quen atribúes as seguintes cualidades ou emocións?



Gráficas coas respostas dos alumnos (esq.) e das alumnas (der.)

Esta percepción tamén se reflicte no ámbito das profesións e do deporte. Maioritariamente consideran que non hai profesións que sexan máis específicas de homes ou de mulleres, así como non cren que haxa deportes de homes e deportes de mulleres. Non obstante, están máis concienciadas as rapazas: un 12,9% e un 9,7% considera que hai diferenzas nas profesións e no deporte, respectivamente. Mentres que as porcentaxes nos rapaces son 39,3% e 29%. Cómpre sinalar, iso si, que estas porcentaxes se viron incrementadas con respecto ao ano 2021, cando eran as seguintes: 5% no caso das rapazas tanto para as profesións como o deporte, e 18% e un 20% nos rapaces.

O TRABALLO POLA IGUALDADE DE XÉNERO NO CENTRO EDUCATIVO: o feito de que no instituto se desenvolvan accións encamiñadas a visibilizar a igualdade de xénero é valorado positivamente por 72,4% dos alumnos e por 89,7% das alumnas. Non obstante, as porcentaxes diminúen con respecto a se valoran positivamente participar nestas actividades: 56,6% dos alumnos e 78,7% das alumnas.


Deste xeito, pódese extraer que os alumnos se sitúan máis afastados das actividades relacionadas coa igualdade de xénero e que esta desconexión é maior cando se require a súa participación. Aínda así, segue habendo unha maioría do alumnado que valora positivamente estas actividades, especialmente entre as alumnas.

LINGUAXE: a linguaxe sexista potencia as desigualdades, pero segue a haber unha parte importante do alumnado que lle resta relevancia a esta realidade e que afirma que non lle parece importante a fórmula escollida: 54,5% dos alumnos (2,2 puntos menos a respecto de 2021) e 45,8% das alumnas (6,4 puntos máis a respecto de 2021). No que respecta á linguaxe inclusiva, exemplificada a través de substantivos xenéricos, prefírea só un 25,5% dos alumnos e un 41,3% das alumnas. Estas porcentaxes son algo menores ás do ano 2021 (29,3% dos alumnos e 51,5% das alumnas). Segue a ser moi necesario visibilizar como a discriminación sexista tamén se manifesta a través da linguaxe e poñer en valor a

PERCEPCIÓN DA DISCRIMINACIÓN MACHISTA: Máis alumnas, con respecto aos alumnos, seguen a afirmar que presenciaron discriminación machista (51% das alumnas fronte a 34,5% dos alumnos) e que coñecen alguén que sufre discriminación machista (47,7% das alumnas fronte a 30,3% dos alumnos). Son porcentaxes lixeiramente menores ás do ano 2021, agás na pregunta de se presenciaran violencia machista, cando respondían afirmativamente 63,6% das alumnas.


Con respecto ás accións e situacións que supoñen violencia machista, as alumnas son moito máis conscientes delas, como podemos ver nas gráficas seguintes, onde a primeira recolle as respostas dos alumnos e a segunda a resposta das alumnas. Cabe destacar como no caso "Dar golpes a obxectos cando se enfada" o alumnado segue a considerar que non é unha mostra de violencia machista.

Consideras que é violencia machista...



Respostas dos alumnos

Consideras que é violencia machista...



Respostas das alumnas

Plan de Igualdade do IES de Poio 2023/2024

VIOLENCIA SEXUAL: No referido ás agresións sexuais dentro do centro, as respostas constatan que si se producen. Deste xeito, 92 dos alumnos presenciaron linguaxe obscena, 73 miradas e/ou xestos inapropiados e 47 tocamientos non desexados. No caso das alumnas, 119 presenciaron linguaxe obscena, 95 miradas e/ou xestos inapropiados e 38 tocamientos non desexados. No caso das alumnas cómpre ollar os datos nos que se recolle se sufriron agresións sexuais dentro do instituto: 56 sufriron linguaxe obscena (36%), 55 miradas e/ou xestos inapropiados (35%) e 22 tocamientos non desexados (14%). As porcentaxes no ano 2021 eran 31%, 40% e 14%, respectivamente.

No que respecta ás agresións sexuais fóra do centro, tamén podemos observar que si se producen. 90 dos alumnos presenciaron linguaxe obscena, 70 miradas e/ou xestos inapropiados e 50 tocamientos non desexados. No caso das alumnas, 108 presenciaron linguaxe obscena, 98 miradas e/ou xestos inapropiados e 46 tocamientos non desexados. Podemos observar que son datos moi similares, dende un punto de vista porcentual, aos que atopamos nas agresións sexuais dentro do centro. No caso das alumnas que sufriron algún tipo de agresión sexual fóra do instituto atopamos o seguinte: 67 sufriron linguaxe obscena (43%), 74 miradas e/ou xestos inapropiados (48%) e 27 tocamientos non desexados (17%). As porcentaxes no ano 2021 eran 39%, 53% e 21%, respectivamente.

No caso dos piropos, os alumnos seguen sen percibir a importancia simbólica que teñen ademais da agresión verbal que supoñen, xa que un 52,2% amosa indiferenza. No caso das alumnas esta porcentaxe redúcese ata o 37,4% e predomina a porcentaxe de alumnas ás que si desagradan os piropos de alguén que non coñecen (54,8%), aínda que é menor á de 2021 (63%).


DISCRIMINACIÓN MACHISTA: a violencia, tanto simbólica como física, adoita ter como obxecto ás rapazas, pois case a metade delas sufriu discriminación machista (47%) e máis da metade do alumnado presenciou algunha situación así; as porcentaxes, ademais, incrementáanse fóra do centro. Por outra banda, tanto dentro como fóra do entorno educativo estas violencias son mellor percibidas polas mozas que polos mozos, o que nos leva, unha vez máis, á diferenza de concienciación que existe dependendo do xénero: por exemplo, eles non son tan conscientes da linguaxe obscena (só 114 mozos, fronte a 163 mozas, a recoñeceron no entorno) ou as miradas e xestos inapropiados (88 mozos, fronte a 156 mozas que o perciben). Por outra banda, non hai un claro coñecemento do que son as agresións sexuais, xa que hai unha porcentaxe elevada, especialmente de rapaces, que non identifica con violencia machista certos patróns de conduta nunha relación de parella (para 121 mozos dar golpes ao enfadarse non é violencia machista, e 76 consideran que abandonar os gustos pola parella e facer que esta non se sinta ben tampouco o é) ou perciben con indiferencia os piropos, sen comprender a trascendencia simbólica que supoñen. No caso das rapazas, case todas recoñecen eses patróns como violencia machista e máis da metade reciben con desagrado os piropos (63%).

EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL: a maior parte do alumnado recibe información de amizades e familias, así como de obradoiros específicos, pero segue habendo diferenzas no caso dos mozos e mozas con respecto a recibir educación afectivo sexual a través de pornografía (24,1% dos alumnos marcan esta opción, fronte a 6,5% das alumnas) e de buscas en internet (19,3% mozos e 9% mozas).


Con respecto ao ano 2021, aumentou a porcentaxe de alumnado que afirma recibir educación afectivo-sexual a través de obradoiros, xa que nos últimos resultados

Plan de Igualdade do IES de Poio 2023/2024


50,3% dos alumnos e 55,5% das alumnas marcan esta opción (en 2021 as porcentaxes foron 32,6% e 36,8%).




Respostas dos alumnos en 2023



Respostas dos alumnos en 2021



Respostas das alumnas en 2023



Respostas das alumnas en 2021

COLECTIVO LGBTI+: outro tipo claro de violencia, ademais da que se dirixe contra as rapazas, é a que se produce por razóns de orientación e identidade sexual. Así, máis da metade do alumnado presencia burlas e humillacións por motivo da orientación sexual (200 alumnos, alumnas e alumnas recoñecen esta situación). Non obstante, as respostas cambian en función do xénero, o que pode deberse a unha maior observación do que sucede na contorna: 53,8% dos alumnos presenciaron este tipo de situacións; 69,7% das alumnas; e 82,4% des alumnas.

Segue chamando a atención a elevada porcentaxe de alumnado que considera que o centro non é un lugar seguro para o colectivo LGTBI: 37,9% dos alumnos, 30,3% das alumnas e 70,6% des alumnas. Non se aprezen grandes cambios con respecto ao ano 2021 (40% dos alumnos e 35% das alumnas), agás no caso des alumnas, xa que no ano 2021 era un 25% o que consideraba que o centro non era un espazo seguro.


En canto á pertenza ao colectivo, un 9,7% dos alumnos indica que forma parte del; mentres que no caso das alumnas falamos dun 20% e no caso des alumnas un 41,2% (esta última porcentaxe fai pensar que as respostas do alumnado que indicou "OUTRO" na pregunta "Eu son..." poderían estar adulteradas). Hai dous anos, as porcentaxes eran as seguintes: 8%, 38% e 37,5%.

Por outra banda, medra o alumnado que actuaría no caso de presenciaren no instituto algún tipo de discriminación machista ou discriminación pola orientación sexual. Nesta pregunta podían indicar varias respostas e os resultados son os que se amosan a continuación (alumnos, alumnas e alumnas, nesta orde). Como se pode observar, son as alumnas as que amosan máis predisposición a intervir ou a buscar axuda e menos indiferenza e pasividade:

Plan de Igualdade do IES de Poio 2023/2024

Que farías no caso de presenciar no instituto algún tipo de discriminación machista ou discriminación pola orientación sexual?


145 respostas



Respostas dos alumnos

Que farías no caso de presenciar no instituto algún tipo de discriminación machista ou discriminación pola orientación sexual?


155 respostas



Respostas das alumnas

Que farías no caso de presenciar no instituto algún tipo de discriminación machista ou discriminación pola orientación sexual?

17 respostas



Respostas des alumnes

FERRAMENTAS NO CENTRO EDUCATIVO: no que respecta ao coñecemento da existencia do Equipo de Igualdade no centro, a porcentaxe é maior entre as alumnas (74,8%) en comparación cos alumnos (54,5%) e des alumnes (35,3%). O mesmo sucede con respecto ao grupo de apoio ao alumnado LGTBI+ no centro: 52,9% das alumnas, 41,4% dos alumnos e 23,5% des alumnes.

CONCIENCIA FEMINISTA: con respecto á conciencia de ter actitudes/comportamentos/opiniós machistas, observamos que é moi reducida no caso dos alumnos (26,2% afirman telas) e incluso máis no caso das alumnas (11,6%), mentres que no caso des alumnes aumenta (41,2%). Hai dous anos as porcentaxes eran as seguintes: 17,7% tanto no caso dos alumnos como das alumnas e 50% des alumnes.

No que ten que ver con recoñecerse como unha persoa feminista, os datos son os seguintes: 30% dos alumnos, 60% das alumnas e 47,1% des alumnes. Estas porcentaxes diminuíron con respecto ao ano 2021 (agás no caso des alumnes): 41,9%, 72,3% e 25%, respectivamente.

Análise de datos do PROFESORADO e do PERSOAL NON DOCENTE:

A enquisa foi contestada por 6 profesores e 19 profesoras. Contamos un claustro formado por 59 persoas (12 homes e 47 mulleres), polo que podemos observar que a participación na enquisa foi reducida, aínda que pode amosar resultados de interese.


ENFOQUE DE XÉNERO NAS MATERIAS: Entre o profesorado que participou na enquisa, vemos que hai unha ampla conciencia en canto ao tratamento da igualdade de xénero nas diferentes materias. Así, un 100% dos profesores e un 94,7% das profesoras considera que as diferentes materias deben traballarse cun enfoque de igualdade de xénero.

Ademais, tamén a totalidade dos homes e un 89,5% das mulleres teñen presente o enfoque de xénero nas súas materias.

FORMACIÓN: A maioría do profesorado recibiu formación para abordar este enfoque. Así, só un dos profesores e tres profesoras indican que non recibiron ningún tipo de formación. En ambos casos predomina a formación non regrada. Ademais, maniféstase un interese por recibir formación específica en materia de igualdade de xénero: un 66,7% dos profesores e un 84,2% das profesoras.


LINGUAXE INCLUSIVA E SELECCIÓN DE MATERIAIS: En canto á linguaxe inclusiva, o profesorado emprégaa maiormente sempre ou case sempre.

Nas aulas utilízase linguaxe inclusiva?
6 respostas



Respostas dos profesores


Nas aulas utilízase linguaxe inclusiva?
19 respostas



Respostas das profesoras


Mentres que na selección de materiais, tamén se ten en conta a perspectiva de xénero.

Cando se seleccionan os materiais de traballo (libros de texto, actividades, material audiovisual, etc.), tes en conta a perspectiva de xénero?
6 respostas



Respostas dos profesores

Cando se seleccionan os materiais de traballo (libros de texto, actividades, material audiovisual, etc.), tes en conta a perspectiva de xénero?
19 respostas



Respostas das profesoras

COMPORTAMENTOS SEXISTAS: Os comportamentos sexistas que máis percibe o profesorado é a linguaxe obscena e os insultos así como a discriminación de xénero nos espazos comúns/deportes/actividades complementarias. Ademais, no caso das profesoras, tamén se engaden respostas específicas: "Comentarios estereotipados", "Degradación consciente do sexo feminino", "Prexuízos sobre os roles de xénero", "Ideario machista", "Creación de situacións e de debates incómodos na aula", "Comentarios antifeministas", "Bromas relacionadas coa orientación sexual", "Intento dos rapaces de ter o dominio da aula", "Actitudes e comportamentos estereotipados en ambos xéneros, reflicten os roles tradicionais (especialmente, os mandatos de xénero masculino: predominio dos valores asociados á forza, violencia, etc), predominio masculino no uso da palabra ou á hora de seleccionar alumnado (como

Plan de Igualdade do IES de Poio 2023/2024

delegadx do grupo, para escoller a alguén para unha acción puntual, etc), falta de liderado e empoderamento feminimo, etc.”.

DISCRIMINACIÓN MACHISTA: O profesorado indica que si presenciou discriminación no seu ámbito de traballo. No caso dos profesores (50%), esta discriminación foi exercida por parte do alumnado. Un 63,2% das profesoras tamén a observou, maiormente por parte do alumnado e tamén entre o propio profesorado.

No caso das profesoras, un 31,6% indica que sufriu discriminación machista, maiormente por parte do profesorado (5 mulleres), seguido do alumnado (2 mulleres) e do alumnado (1 muller).

DISCRIMINACIÓN DO COLECTIVO LGTBI+: No caso dos profesores, ningún deles coñece casos entre o alumnado onde a orientación sexual é motivo de burla e/ou humillación. No caso das profesoras, un 36,8% afirma que si coñece estas situacións.

Segundo esta enquisa, as opcións que deben ter prioridade no plan de igualdade máis sinaladas foron as seguintes: prevención da violencia machista e promover o uso igualitario dos espazos do centro, seguidas de formación en igualdade das familias, talleres específicos sobre masculinidades/feminidades e apoio ao colectivo LGTBIQ+.

CONCIENCIA FEMINISTA: O profesorado, minoritariamente, considera que ten actitudes/comportamentos/opiniós machistas (16,7% dos profesores e 26,3% das profesoras). En canto á conciencia feminista, un 83,3% dos profesores considérase feminista, así como un 89,5% das profesoras.

Estas últimas porcentaxes aumentaron con respecto aos datos do ano 2021 (77,8% dos profesores e 82,4% das profesoras).

En canto ao **persoal non docente**, os datos non resultan representativos, pois só 1 persoa cubriu a enquisa.

Análise de datos das FAMILIAS:

Os datos deste sector educativo non resultan significativos, pola baixa acollida da enquisa entre as familias do IES de Poio (74 participantes: 62 mulleres e 12 homes). Nas respostas obtidas obsérvase o seguinte:

- A gran maioría das persoas que responden segue considerando que a igualdade de xénero debe formar parte do proxecto de centro.
- Algo da metade ten interese en recibir formación en igualdade por parte do centro educativo (50% dos homes e 59,7% das mulleres).
- A totalidade das persoas enquisadas fala con naturalidade da igualdade de xénero nos fogares.
- A gran maioría considera que o alumnado debe recibir educación afectivo-sexual dende o centro (83,3% dos homes e 91,9% das mulleres).
- Segue habendo unha baixa percepción de que se produzan comportamentos sexistas ou violencias contra o colectivo LGTBI+ no centro.
- En canto ás accións que deben ter prioridade no plan de igualdade, as familias que responden sinalan maioritariamente as actividades de prevención da violencia machista, aínda que tamén indican que é preciso promover o uso igualitario dos espazos do centro e a formación en igualdade tanto das

Plan de Igualdade do IES de Poio
2023/2024

familias como do persoal docente e non docente. Ademais, no caso das mulleres amósase un interese por dar apoio ao colectivo LGTBIQ+.

- No que respecta á conciencia feminista, cabe destacar que a maioría das persoas que responden non se consideran feministas: 91,7% dos homes e 64,5% das mulleres. Porén, non amosan ter ningunha conciencia de presentar actitudes/comentarios/comportamentos machistas: 16,7% dos homes considera que non os ten, xunto con 93,5% das mulleres.

DIAGNOSE DAFO EN FUNCIÓN DA ANÁLISE DAS ENQUISAS

Como conclusión e empregando unha ferramenta importante de diagnose, contamos co **DAFO** (Debilidades, Ameazas, Fortalezas, Oportunidades). Nesta actualización do Plan de Igualdade debemos determinar cales con os puntos máis febles, cales son os aspectos que poden interferir negativamente na consecución dos nosos obxectivos, os puntos fortes cos que contamos na actualidade e as oportunidades ou aspectos que poden influír positivamente e que hai que aproveitar no futuro.

<p style="text-align: center;">DEBILIDADES</p> <ul style="list-style-type: none">- Pouca implicación das familias.- Pouca participación do alumnado nas actividades coeducativas, principalmente dos mozos.- Pouca implicación dunha parte do claustro, especialmente do profesorado masculino.- Descoñecemento xeneralizado e prexuízos sobre o feminismo.- Pouca percepción da discriminación machista, especialmente por parte dos mozos.- O centro non é considerado un espazo seguro para o colectivo LGTBI+.	<p style="text-align: center;">FORTALEZAS</p> <ul style="list-style-type: none">- Equipo de Igualdade do profesorado.- Apoio do Equipo Directivo.- Compromiso por parte dun grupo de profesoras.
<p style="text-align: center;">AMEAZAS</p> <ul style="list-style-type: none">- Persistencia dos estereotipos.- Falta de referentes.- Falta de motivación e interese.- Discursos negacionistas.- Desaparición da Asemblea do alumnado.	<p style="text-align: center;">OPORTUNIDADES</p> <ul style="list-style-type: none">- Apoio dalgunhas institucións.- Espazo específico para a Asemblea do alumnado nun lugar visible e accesible.- Formación para os diferentes colectivos da comunidade educativa.

5. XUSTIFICACIÓN

Os resultados das enquisas fan posible unha visión global de como se atopa o centro en materia coeducativa (*ver apartado anterior*). Amosan que é preciso afondar na formación de toda a comunidade educativa para lograr unha detección e prevención temperá das violencias machistas e LGTBfóbicas, de forma que o centro sexa un espazo igualitario e seguro e contribúa a formar cidadáns e cidadás críticas e que sexan axentes activos na promoción da igualdade e a diversidade de xénero.

6. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

- **FORMACIÓN DO ALUMNADO, DO PROFESORADO E DAS FAMILIAS**
 - a. Formar o alumnado de maneira transversal en materia de igualdade de xénero, de maneira que sexa prioritario aclarar conceptos dende unha perspectiva práctica. Deben aprender a detectar discriminacións e desigualdades de xénero e buscar solucións e alternativas para construír unha sociedade máis xusta.
 - b. Implicar na tarefa coeducativa a un maior número de profesorado, especialmente homes.
 - c. Incluír as familias na realidade coeducativa do centro. Colaborar coa ANPA na organización de actividades e iniciativas e incluír a perspectiva de xénero nas posibles formacións que se poidan dirixir ás familias.

- **COEDUCACIÓN EN EMOCIÓN**
 - a. Coñecer e nomear as emocións como paso previo á expresión das mesmas.
 - b. Xestión pacífica dos conflitos: empatía, escoita activa, comunicación asertiva.
 - c. Traballar novos modelos de "masculinidades" e "feminidades".
 - d. Traballar cos alumnos a sensibilidade, a tenrura, a empatía e todas aquelas emocións vinculadas ao coidado.
 - e. Traballar coas alumnas a seguridade, a autoestima e o concepto de beleza sustentado na saúde do corpo.

- **USO DUNHA LINGUAXE INCLUSIVA**
 - a. Consolidar unha linguaxe coeducativa e inclusiva escrita, en todos os documentos e textos oficiais do centro, e incorporala progresivamente no uso oral.

- **RELACIÓNS AFECTIVO-SEXUAIS NA ADOLESCENCIA**
 - a. Sensibilización no alumnado. Outras formas de ser mozos e mozas: novos modelos de masculinidades e feminidades.
 - b. Identificación de sinais para detectar as violencias machistas: escaleira da violencia machista na adolescencia. As violencias machistas a través das redes sociais.
 - c. Promoción de relacións de parella e persoais en pé de igualdade. Desmontar os mitos do amor romántico.
 - d. Educación afectivo-sexual, poñendo o foco nos mitos e nas actitudes que conducen ás violencias machistas. Identificación dos indicadores da violencia sexual.

Plan de Igualdade do IES de Poio
2023/2024

- **DIVERSIDADE DE XÉNERO**
 - a. Visibilización do colectivo LGTBIQ+ no centro educativo.
 - b. Educación afectivo-sexual dende unha perspectiva diversa.
 - c. Formación específica dirixida ao alumnado, profesorado, persoal non docente e familias.

6.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS POR NIVEIS

- **1º ESO**
 - a. Estereotipos e crenzas das que non son conscientes.
 - b. Empatía e sensibilización.
 - c. Conceptos clave do feminismo.
- **2º ESO**
 - a. Conceptos clave do feminismo.
 - b. Micromachismos.
- **3º ESO**
 - a. Importancia das palabras. Estratexias de comunicación en termos de igualdade.
 - b. Efecto das redes sociais.
- **4º ESO**
 - a. Relacións afectivas saudables e igualitarias.
- **1º BACH**
 - a. Potenciar contidos transversais relacionados coa igualdade nas diferentes materias.
- **2º BACH**
 - a. Potenciar contidos transversais relacionados coa igualdade nas diferentes materias.

7. ACCIÓNS COEDUCATIVAS (CURSO 2023/2024)

A continuación inclúense as accións coeducativas que se propoñen para o 2023/2024, tendo en conta que se trata dun apartado que se poderá ir actualizando ao longo do curso:

TÍTULO: COORDINACIÓN DO PROFESORADO A TRAVÉS DO EQUIPO DE IGUALDADE	
DESCRICIÓN	Manter un Equipo de Igualdade do profesorado que manteña xuntanzas periódicas e no que exista a posibilidade de vincularse a un PFPP que supoña recoñecemento horario para aquel profesorado que desexe participar nel.
OBXECTIVOS	Implicar o profesorado na promoción da igualdade de xénero. Establecer unha coordinación estable con xuntanzas periódicas. Promover a formación do profesorado a través de proxectos como o Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).

Plan de Igualdade do IES de Poio
2023/2024

PERSOAS DESTINATARIAS	Todo o profesorado.
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	Activa e participativa. Traballo colaborativo. PFPP.
TEMPORALIZACIÓN	Todo o curso. Xuntanzas periódicas.

TÍTULO: REACTIVACIÓN E IMPULSO DE "SEMENTES DE LIBERDADE", ASEMBLEA FEMINISTA-LGTB DO ALUMNADO	
DESCRICIÓN	<p>No curso 2020/2021 naceu a asemblea feminista-LGTB do alumnado que tomou o nome de "Sementes de liberdade". Trátase dunha ferramenta fundamental para que o alumnado se autoorganice na posta en marcha de iniciativas coeducativas.</p> <p>Nos cursos seguintes, a actividade da asemblea foise reducindo, debido á pouca participación e implicación do alumnado. A asemblea proxéctase como un espazo pechado, cando debería ser todo o contrario. Ten que canalizar as necesidades do alumnado e situalo como protagonista para difundir unha mensaxe entre iguais. No curso 2023/2024 debe ser prioritaria a reactivación e impulso desta ferramenta, así como a posta en marcha dun espazo físico propio nun lugar visible e accesible.</p>
OBXECTIVOS	<p>Implicar o alumnado na vida do centro.</p> <p>Promover as iniciativas propias do alumnado.</p> <p>Fomentar o traballo colaborativo.</p> <p>Fomentar a igualdade e a diversidade de xénero.</p> <p>Formar o alumnado no respecto, a cooperación e a igualdade.</p> <p>Impulsar a participación do alumnado.</p>
PERSOAS DESTINATARIAS	Todo o alumnado.
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	Activa e participativa. Traballo colaborativo. Espazo de reunión. Materiais para as diferentes iniciativas.
TEMPORALIZACIÓN	Todo o curso. Xuntanzas periódicas nos recreos na Aula de Igualdade.

TÍTULO: COORDINACIÓN DO EQUIPO DE IGUALDADE COA ASEMBLEA FEMINISTA-LGTB "SEMENTES DE LIBERDADE"	
DESCRICIÓN	Actuacións conxuntas entre o Equipo de Igualdade do profesorado e "Sementes de liberdade".

Plan de Igualdade do IES de Poio
2023/2024

TÍTULO: COORDINACIÓN DO EQUIPO DE IGUALDADE COA ASEMBLEA FEMINISTA-LGTB "SEMENTES DE LIBERDADE"	
OBXECTIVOS	Favorecer a comunicación alumnado-profesorado en termos de igualdade. Consolidar referentes comprometidos con esta temática no propio centro. Fomentar o traballo colaborativo. Fomentar a igualdade e a diversidade de xénero. Formar o alumnado no respecto, a cooperación e a igualdade. Visibilizar a participación do profesorado.
PERSOAS DESTINATARIAS	Todo o alumnado e todo o profesorado.
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	Activa e participativa. Traballo colaborativo. Espazo de reunión. Materiais para as diferentes iniciativas.
TEMPORALIZACIÓN	Todo o curso. Xuntanzas periódicas nos recreos na Aula de Igualdade.

TÍTULO: CLUB DE LECTURA FEMINISTA E DIVERSO	
DESCRICIÓN	Club de lectura de obras vinculadas ao feminismo e á realidade LGTBIQ+
OBXECTIVOS	Impulsar o hábito lector. Desenvolver o espírito crítico do alumnado. Formar o alumnado nos conceptos relacionados co feminismo e a realidade LGTBIQ+. Crear un espazo de convivencia e encontro. Vincular o club de lectura á Asemblea do alumnado.
PERSOAS DESTINATARIAS	Todo o alumnado.
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	Activa e participativa. Obras de lectura. Biblioteca escolar. Espazo de reunión.
TEMPORALIZACIÓN	Todo o curso. Xuntanzas semanais na Aula de Igualdade.

TÍTULO: CONTINUACIÓN CO CONTRATO PROGRAMA "IGUÁLA-T"	
DESCRICIÓN	Solicitud para seguir desenvolvendo o seguinte Contrato Programa: "IGUÁLA-T".

Plan de Igualdade do IES de Poio
2023/2024

OBXECTIVOS	Contar con apoio institucional na posta en marcha de iniciativas coeducativas. "IGUÁLA-T": fomento da coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e tratamento da LGBTIfobia e outras medidas semellantes.
PERSOAS DESTINATARIAS	Definirase o alumnado por niveis educativos en función das propostas e obxectivos de cada programa.
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	Formación do alumnado. Recursos e materiais integrados nos diferentes programas.
TEMPORALIZACIÓN	Definirase en función das propostas e obxectivos de cada programa.

TÍTULO: ENCONTROS CON MULLERES EMPREENDEDORAS OU QUE OCUPEN PROFESIÓN "MASCULINIZADAS"	
DESCRICIÓN	Encontros con mulleres emprendedoras de Poio e da contorna para poñer en valor as súas carreiras profesionais.
OBXECTIVOS	Visibilizar diferentes perfís de mulleres emprendedoras. Analizar os obstáculos atopados dende unha perspectiva de xénero. Establecer un punto de encontro coa realidade externa do centro.
PERSOAS DESTINATARIAS	Alumnado a partir de 4º ESO e Bacharelato.
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	Activa e participativa. Preparación dos encontros por parte do alumnado.
TEMPORALIZACIÓN	2º trimestre

TÍTULO: EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL	
DESCRICIÓN	Obradoiros de educación afectivo-sexual.
OBXECTIVOS	Desenvolver unha educación afectivo-sexual libre de estereotipos de xénero. Visibilizar a diversidade de xénero. Fomentar a xestión das emocións e os coidados. Dotar o alumnado de ferramentas informativas fiables e diversas.

Plan de Igualdade do IES de Poio
2023/2024

	Poñer o foco no impacto da pornografía. Promover relacións saudables e igualitarias.
PERSONAS DESTINATARIAS	Por determinar.
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	Activa e participativa. Realización de talleres.
TEMPORALIZACIÓN	Por determinar.

TÍTULO: ACTIVIDADES SOBRE A REALIDADE LGTB	
DESCRICIÓN	Encontros con asociacións como Arelas ou con persoas como Nee Barros, que tamén poden desenvolver accións formativas.
OBXECTIVOS	Visibilizar o colectivo LGTB. Promover o coñecemento de conceptos relacionados coa diversidade de xénero. Promover o respecto mutuo entre o alumnado.
PERSONAS DESTINATARIAS	Por determinar.
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	Activa e participativa. Realización de talleres.
TEMPORALIZACIÓN	Por determinar.

8. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS

- **Recursos humanos:**

Conformar e manter un Equipo de Igualdade no profesorado que poida desenvolver unha coordinación dos obxectivos e actividades propostas neste plan. Establecer reunións periódicas de coordinación.

Ademais, preténdese que o alumnado participe activamente no desenvolvemento deste proxecto coeducativo, polo que seguirá a impulsarse a actividade da Asemblea Feminista-LGTB.

- **Recursos materiais:**

Espazo para reunións e xuntanzas tanto do Equipo de Igualdade como da Asemblea Feminista-LGTB; fondos bibliográficos da biblioteca; orzamento de plans educativos; outros recursos achegados polo centro; conta de Instagram @sementesdeliberdade.

9. DIFUSIÓN DO PLAN

A difusión deste Plan entre toda a comunidade educativa é fundamental para que as accións propostas se poidan desenvolver da maneira máis efectiva posible. É un documento que se debe aplicar de maneira transversal na actividade educativa.

De xeito permanente e para toda a comunidade educativa, facilitarase na páxina web do centro, na sección de documentos anuais e na sección de igualdade e diversidade.

A comezo de curso informarase no Claustro e nas xuntanzas iniciais coas persoas titoras. Tamén se lle enviará ás familias a través de Abalar.

Ao final de curso realizarase un resumo gráfico das actividades realizadas, xunto cos obxectivos e logros cumpridos.

10. AVALIACIÓN, SEGUIMENTO E REVISIÓN

A metodoloxía empregada para a realización da avaliación debe combinar unha análise cuantitativa (medir os resultados) e outra cualitativa (apreciar a dinámica e os resultados e valorar vivencias). Así, na avaliación do Plan, cómpre comparar todas as actuacións definidas previamente co seu desenvolvemento real, ademais do número de persoas implicadas nelas e o efecto producido. Así, irase facendo un seguimento ao longo do curso e unha valoración global, ao final do ano académico (ANEXO I).

11. GLOSARIO

- **COEDUCACIÓN.** A coeducación consiste en educar ás rapazas e rapaces superando os roles de xénero que a sociedade prescribe para unhas e outros en función do sexo de pertenza.
- **COLECTIVO LGTBIQ+.** Son as siglas que designan internacionalmente a homes e mulleres homosexuais, lesbianas, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais, queer, e todas aquelas persoas que non se sintan incluídas no binarismo.
- **CORRESPONSABILIDADE.** Reparto equitativo das responsabilidades sociais, familiares e profesionais, entre ámbolos sexos, de tal xeito que o sustento económico da familia -tradicionalmente asignado aos homes-, así como tamén as tarefas domésticas e o coidado das persoas -tradicionalmente asignados ás mulleres, sexan asumidos e compartidos por tódalas persoas da unidade de convivencia.
- **ESTEREOTIPOS DE XÉNERO.** Conxunto de ideas estereotipadas utilizadas para explicar o comportamento tanto dos homes das mulleres, como deben comportarse e os papeis que deben desempeñar no traballo, o fogar e o espazo público, ademais de como deben relacionarse entre si.
- **FEMINICIDIO.** Asasinato de mulleres por causas asociadas á desigualdade de xénero.
- **FEMINISMO.** Movemento social, político, filosófico, económico, científico e cultural que denuncia, desvela, transgride e loita pola erradicación do sistema social imperante. O seu obxectivo é a igualdade de oportunidades e responsabilidades entre homes e mulleres.
- **FENDA SALARIAL.** Diferenza de salario entre homes e mulleres por realizar o mesmo traballo.
- **IDENTIDADE DE XÉNERO.** Forma en que cada persoa vive e interioriza o xénero, a súa postura persoal ante o feminino e o masculino.
- **IGUALDADE.** A desigualdade entre mulleres e homes ten a súa orixe na división sexual do traballo. Na sociedade moderna, a división sexual do traballo produciu unha clara dicotomía entre o ámbito público (Estado, mercado e sociedade civil) e o privado (familia) e os roles que se desempeñaban neles. A

Plan de Igualdade do IES de Poio 2023/2024

igualdade admite diferenzas, mais non desigualdades. A desigualdade supón discriminación e privilexio; e a diferenza implica diversidade entre cousas da mesma especie, o cal non implica discriminacións ou privilexios de ningún tipo. A igualdade non significa eliminación das diferenzas, senón a ausencia de discriminación pola existencia destas.

- **MACHISMO.** Actitudes, condutas, prácticas sociais e crenzas destinadas a xustificar e promover o mantemento da discriminación contra as mulleres.
- **PATRIARCADO.** Etimoloxicamente, patriarcado procede do grego e significa "goberno dos pais". O adxectivo patriarcal describe unha estrutura na que os varóns teñen poder sobre as mulleres.
- **ROLES DE XÉNERO.** Comportamentos, atributos, expectativas, papeis sociais, funcións ou tarefas que se asignan ou agardan dunha persoa ou grupo de persoas determinadas en función do sexo ao que pertencen. Son estereotipos que asignan capacidades, potencialidades e valores diferentes a mulleres e homes baseándose nunha construción errónea da identidade sexo- xénero.
- **TRANSXÉNERO.** Termo xenérico que se emprega para describir a persoas que en diferentes formas se identifican co xénero oposto ao das súas características fisiolóxicas de nacemento.

ANEXO I. AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES E INICIATIVAS COEDUCATIVAS REALIZADAS NO CURSO 2022/2023

Ao longo do curso 2022/2023 desenvolvéronse algunhas actividades relacionadas coa igualdade e diversidade de xénero.

TÍTULO: COORDINACIÓN DO PROFESORADO A TRAVÉS DO EQUIPO DE IGUALDADE	
PERSOAS DESTINATARIAS	Profesorado
TEMPORALIZACIÓN	Todo o curso
AVALIACIÓN	Conformouse un grupo dunhas dez persoas tras a incorporación de novo profesorado. Desenvolveuse unha coordinación ao longo do curso con xuntanzas periódicas nas que programar e desenvolver traballo. Este grupo de traballo estivo vinculado a unha liña de formación do PFP.

TÍTULO: REACTIVACIÓN E IMPULSO DE "SEMENTES DE LIBERDADE", ASEMBLEA FEMINISTA-LGTB DO ALUMNADO	
PERSOAS DESTINATARIAS	Alumnado
TEMPORALIZACIÓN	Todo o curso
AVALIACIÓN	Aínda que si que houbo un pequeno grupo de alumnado que participou no impulso de novas iniciativas, non foi posible lograr a realización de actividades e reunións con certa periodicidade. É fundamental fomentar a cohesión do grupo de alumnado que forme parte da Asemblea.

TÍTULO: CONTINUACIÓN DO CONTRATO PROGRAMA "IGUÁLA-T"	
PERSOAS DESTINATARIAS	Alumnado e profesorado
TEMPORALIZACIÓN	Todo o curso
AVALIACIÓN	Dentro deste Contrato Programa desenvolveuse un obradoiro de educación afectivo-sexual en 2º ESO. Esta actividade, na que a formadora foi a psicóloga Andrea Sieiro, véñse desenvolvendo neste nivel dende o curso 2020/2021, cunha valoración moi positiva.

Plan de Igualdade do IES de Poio
2023/2024

TÍTULO: ACTIVIDADES POLO 25N	
DESCRICIÓN	Ao longo dos recreos da semana do 21 ao 25 de novembro, desenvóléronse unha serie de actividades para implicar a alumnado e profesorado.
PERSOAS DESTINATARIAS	Alumnado e profesorado
TEMPORALIZACIÓN	21 a 25 de novembro
AVALIACIÓN	A valoración é positiva, xa que houbo bastante alumnado que se achegou nos recreos e colaborou na elaboración dos diferentes materiais. Estas actividades permitiron visibilizar o Equipo de Igualdade do profesorado e que o alumnado puidese participar activamente na proposta. Sería preciso manter o contacto con este alumnado despois da realización das actividades, para poder implicalo noutras iniciativas.

TÍTULO: ACTIVIDADES POLO 8M	
DESCRICIÓN	Elaboración de materiais e lectura dun manifesto nos recreos
PERSOAS DESTINATARIAS	Alumnado e profesorado
TEMPORALIZACIÓN	6, 7 e 8 de marzo
AVALIACIÓN	Houbo alumnado que participou na elaboración de materiais, pero en menor medida con respecto ao 25N. Aínda así, púidose preparar un mural visible sobre o machismo e o feminismo, co obxectivo de visibilizar as diferentes formas de violencia de xénero e poñer en valor a loita feminista. En canto ao manifesto, participou na lectura un grupo importante de alumnado e foron moitas persoas as que asistiron á mesma no recreo. Ademais, o manifesto foi elaborado polo propio alumnado.

TÍTULO: INTERVENCIÓN COEDUCATIVA EN 2º ESO	
DESCRICIÓN	Realización de círculos de diálogo para desmontar os mitos sobre a violencia machista
PERSOAS DESTINATARIAS	Alumnado de 2º ESO

Plan de Igualdade do IES de Poio
2023/2024

TEMPORALIZACIÓN	3º trimestre
AVALIACIÓN	Os resultados foron moi dispares en función dos grupos. Aínda que os círculos de diálogo son unha boa ferramenta para que o alumnado participe, nalgúns casos é necesario deseñar mellor as preguntas arredor das que se organiza a dinámica.

TÍTULO: MULLERES POLO CLIMA	
DESCRICIÓN	Elaboración de infografías por parte do alumnado de Física e Química de 1º Bacharelato.
PERSOAS DESTINATARIAS	Alumnado e profesorado
TEMPORALIZACIÓN	2º trimestre
AVALIACIÓN	O alumnado de 1º Bacharelato elaborou unha serie de infografías moi completas, nas que se puxo en valor o labor realizado por diferentes mulleres ao longo da historia.

Ademais, desenvóléronse as seguintes actividades organizadas por organismos externos:

- Obradoiro de empoderamento e obradoiro de masculinidades igualitarias (4º ESO, 1º BACH). Concellería de Igualdade
- Stand Agresión OFF (2º ESO). Concellería de Igualdade e Secretaría Xeral de Igualdade
- Visionado do documental "Chicas nuevas 24h" e realización de talleres (3º ESO, 4º ESO, 1º BACH). Concellería de Igualdade e Secretaría Xeral de Igualdade
- Obradoiro "Nova pornografía para adolescentes" (3º ESO). IGAXES
- Obradoiro "Sexualidade e relacións coercitivas" (4º ESO, 1º BAC). IGAXES

As seguintes actividades estaban incluídas na programación do Plan de Igualdade 2022/2023, pero non chegaron a desenvolverse:

- **ENCUNTROS CON MULLERES EMPREENDEDORAS OU QUE OCUPEN PROFESIÓN "MASCULINIZADAS"**
- **IGUALDADE E DIVERSIDADE NO DEPORTE**
- **ACTIVIDADES SOBRE A REALIDADE LGTB**

